



# Primeiro Concurso: “Xente viaxeira”

---

## Organiza o EDL da EOI

Consistirá na gravación de vídeos de curta duración (200 segundos como máximo) en que **persoas que pertencen ou non á nosa comunidade educativa e que estiveron vivindo fóra de Galicia, ou estranxeiros** que viñeron nos contan a súa experiencia: como ven o uso do galego, se se senten na necesidade de usalo, en que situacións...

Estes vídeos colgaranse en Facebook: <https://www.facebook.com/galego.eoiou>

Haberá 3 premios de 70, 50 e 30 euros respectivamente, que consistirán en material de ofimática.

Con esta actividade pretendemos contribuír á reflexión sobre o uso da nosa lingua por xente de dentro e fóra de Galicia.

## Bases:

1 Os vídeos, que deben ser orixinais para o concurso, poden enviarse ao correo [galegoeoiou@gmail.com](mailto:galegoeoiou@gmail.com) ou presentarse nun CD na conserxería . En calquera caso, achegarase nun sobre á parte, o título e nome do autor ou autores, enderezo electrónico, teléfono e curso que estuda.

2 Cada participante pode presentar como máximo 3 vídeos.

3 O gañador será seleccionado a través das adhesións que reciba o vídeo en Facebook. Entre os 5 vídeos con maior número de adhesións, o xurado seleccionará os tres gañadores.

4 Pódense enviar os vídeos ata o **20 de abril**. O 21 de maio daranse a coñecer os gañadores e o 23 dese mes será a entregade premios

5 Premiarase a corrección lingüística, orixinalidade e realización do vídeo.

